

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 24 de febreiro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 1/12, do 31 de xaneiro.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1 á nº 1.700, de 2012.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria de marzo 2012.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

- 4.-Ratificar a solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da DP-8001 de Cruces a Penabranca PK 0-0.24 (Sobrado) incluído na Programación de investimentos en vías provinciais 2009-2011 e desestimar as alegacións presentadas.
- 5.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade de distintos tramos de estradas ao Concello de Boiro e do Concello de Boiro á Deputación Provincial da Coruña, da forma que se indica: transferir a titularidade ao Concello de Boiro do tramo de estrada da DP 1106 (Boiro a Cespón) comprendido entre os PK 0+000 a 0+700, e que pase a ser titularidade da Deputación Provincial da Coruña a estrada municipal de Boiro a San, entre os PK 0+000 (Rotonda Avda. da Constitución) e 0+350 (cruce de San).
- 6.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello da Coruña da estrada EP 3002 da Moura a Bens, ao transcorrer integramente polo citado termo municipal.
- 7.-Aprobar o texto e a formalización dun convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) para levar a cabo o acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509 e aprobación da mutación demanial subxectiva de terreos propiedade da Deputación situados na vía provincial DP-0509, necesarios para a construción dunha glorieta no Polígono de Sabón para a súa cesión á Xunta de Galicia.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

- 8.-Concesión da distinción de “Deputado Honorario”.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

9.-Toma de coñecemento da liquidación do Orzamento da Deputación provincial e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2011.

10.-Toma de coñecemento dos informes sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 30 de setembro de 2011, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

11.-Expediente de modificación das previsións de ingresos e modificación da Base 30 das de execución do Orzamento 2012.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón:

12.1.-Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón.

12.1.a.Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concurrencia.

12.1.b.Ratificación da Comisión de Estudo.

12.1.c.Toma en consideración da memoria elaborada pola Comisión.

12.1.d. Declaración do interese público provincial do Servizo Público que se rexerá polo Regulamento.

12.1.e.Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do Servizo Público.

12.2.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

12.3.-Regulamento do Servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón.
Aprobación inicial.

13.-Ratificación do acordo de cesión do uso dos terreos do Monte Costa ao Concello de Culleredo con modificación dos usos aos que se poden destinar os terreos e autorización de movementos de terra e desmonte.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

14.-Aprobar a 1ª fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

15.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “2ª fase saneamento en Sorrizo”, do Concello de Arteixo, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2010, co código 10.2100.0015.0.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS